



NO
NADAL
HAI MIL COUSAS
QUE PODES PEDIR AOS
REIS MAGOS OU A PAPÁ NOEL
E ...MOI BOAS RAZÓNS PARA
QUE SEXA
UN
LI
BRO.



BIBLIOTECA CEIP O RAMO



Que lle ides pedir aos Reis?



**CASCABEL QUERE AXUDARVOS
A FACER A CARTA**



EDUCACIÓN INFANTIL



DENDE A BIBLIOTECA RECOMENDÁMOS VOS ALGÚNS TÍTULOS

La ovejita que vino a cenar. Smallman y Dreidemy. Ed. Beascoa.



Que pode pasar cando unha indefensa ovelliña chama á porta do lobo?

Esta historia demostra que os malos dos contos non sempre son tan malos.

Un gran soño. Felipe Ugalde. Ed. Kalandraka.



Era un pequeno con grandes soños, ansioso por medrar, por ser grande, por ser alguén que non pasase... inadvertido.

Picurruchos. Mar Pavón. Ed. OQO.




Fálanos do absurdos que somos cando decidimos prohibir algo que non se sustenta en ningunha base fiable.

A araña e mais eu. Fra Alonso. Ed. Kalandraka.



É un álbum ilustrado fermosísimo; un achegamento delicado ao corpo humano, comparando cada unha das partes dese fermoso corpo infantil cunha froita diferente.

Cando? Onde? Que é? Quen é? Leo Lionni. Ed. Kalandraka.



Nesta colección de libros, o rato Frederick ensínalle aos máis pequenos vocabulario referido a animais, obxectos, ... a través dunhas fermosas ilustracións.

**E COMA NON NOS ESQUECEMOS DE NINGUÉN
AHÍ VOS VAN ALGUNHAS SUXERENCIAS PARA
PAIS, AVÓS, TÍOS...**



Contra el viento. Ángeles Caso. Ed. Planeta.



Premio Planeta 2009.

Narra a historia dunha rapaza de Cabo Verde que, despois de moitos infortunios, emigra a Europa, onde, primeiro en Portugal e logo en España, a vida non deixa de maltratala. É unha novela chea de sensibilidade para lectores ávidos de aventura e emoción.

A praia dos afogados. Domingo Villar. Ed. Galaxia.



Esta apaixonante novela de intriga, mergulla ao lector no mundo da Galicia mariñeira, desde os areais das Rías Baixas á paisaxe urbana e as tabernas da cidade de Vigo.

O curioso incidente do can á media noite. Mark Haddon. Rinoceronte.



Christopher é un experto en ciencias e matemáticas, pero ten dificultades para relacionarse con outras persoas. Unha noite atopa ao can da veciña, atravesado por unha forza de xardín, e decide comezar unha investigación para descubrir o asasino. Mentres leva a cabo as súas pescudas, cuestionará a lóxica do mundo que o rodea e desvelará certos misterios que van alterar a súa vida metódica e ordenada.